



## **Lorena Souto: “Supoño que teño unha certa obsesión con como construímos a nosa percepción da pertenza”**

[Montse Dopico](#) 20 de decembro de 2018

<https://praza.gal/cultura/lorena-souto-supono-que-teno-unha-certa-obsesion-con-como-construimos-a-nosa-percepcion-da-pertenza>

Lorena Souto gañara, hai xa uns anos, o Pérez Parallé por ‘Fase de trema’ (Espiral Maior), unha voz que se rebelaba contra os estereotipos de xénero do patriarcado e, ao mesmo tempo, unha advertencia contra o sometemento. Chan da Pólvora vén de publicar o seu novo libro, ‘Coleópteros’, que a autora presenta o 20 de decembro na librería homónima ás 20:30 horas. A dor, como parte do proceso de medrar e formara propia identidade, chocando moitas veces cos imperativos sociais, está presente en ambas obras. Coma o ritual. Relacionado coa imposición social en ‘Fase de trema’. E coa reflexión sobre como nos relacionamos co mundo ao que pertencemos en ‘Coleópteros’. Souto respondeu as nosas preguntas por correo electrónico desde Bangor, onde vive.

### **Por que o titulaches ‘Coleópteros’?**

Os coleópteros son criaturas fascinantes. Viven apegadas ao chan, furando nas vísceras da terra, ao tempo que posúen a habilidade incríbel de voar. Duros e febles a un tempo, fermosos pero desacougantes. Son en si mesmos unha imaxe que captura ben as ambivalencias que revisten estes poemas.

### **Que son os rituais en ‘Coleópteros’? Por que teñen tanta presenza no libro?**

A nosa vida cotiá está chea de rituais. Na aldea moitos deles teñen que ver cos tempos da colleita e outros aprovisionamentos de comida, coa transmisión desas destrezas de xeración a xeración e dos traballos realizados en comunidade. En ‘Coleópteros’ a voz poética céntrase naqueles que lle resultan máis difíciles porque teñen que ver coa morte, con atar e desatar lazos cos animais e con matar para comer.

**A dor está tamén moi presente: a dor das mans xeadas, a posible dor de magoarse cando non se sabe facer ben unha tarefa... Que é a dor neste poemario?**

Algúns dos poemas céntranse na dimensión física das experiencias, no corpo, no tacto. Todo deixa pegada no corpo. Doe, desgástase. Pero interesábanme aínda máis outras dores das que non se fala tanto, o mal que se pasa cando se aprenden algunhas tarefas.

**Xunto coa dor, a violencia, a vida e a morte e o alimento. "non quero estilizar a violencia", di un dos versos. Faime pensar na matanza de animais e posterior tratamento da súa carne, sangue... Que si conectan a vida e a morte, o alimento e os afectos, (ese tipo de traballo como un acto social, familiar...). Como se relacionan neste poemario a idea do alimento (ao que no principio se di que se renuncia), e a violencia?**

Varios dos poemas xiran precisamente arredor dese tipo de experiencia. Trátase de reflexionar sobre algo que en si me resulta familiar, pero que precisa de algo de distancia para amosa os debates internos, as emocións e os razoamentos que calquera de nós pode ter nesa situación.

A miña nai só comezou a encargarse de matar as criaturas que comemos cando a miña avoa faltou e non o puido facer máis. Custoulle. Eu son a seguinte da cadea e debátome. Hai unha violencia que non se pode negar, pero ao longo do proceso completo tamén hai coidado, e moitas implicacións culturais. Non se expón ningún tipo de xuízo, interésame pensar sobre os mecanismos que desenvolvemos para lidar con iso.

**"desfágome e aprendo a falar. outra vez/ a medida que rompo descoso reformo/ aquí. porque xa son outra"/ "afeita a estar dentro e fóra/ pero nunca o suficiente". Supoño que estes versos poden servir un pouco como resumo do contido do libro: a relación da voz poética co lugar do que procede, e ao que volta, ao mesmo tempo como alguén de alí e como unha estraña. Pode ser así? Por que?**

É así en boa medida. Supoño que teño unha certa obsesión con como construímos a nosa percepción da pertenza (a un lugar, a unha comunidade), como nos relacionamos cos diferentes fogares aos que voltamos, como se transforma esa relación a medida que mudamos nós, como convive a identificación e o estrañamento.

**Tamén se fala, varias veces ao longo do poemario, da ausencia de palabras, do silencio. Das palabras que non se din. Por que?**

A miña experiencia (que é persoal e non ten por que ser a de todo o mundo que se criase na aldea) é que hai unha grande parte da comunicación que transcorre fóra do lugar da palabra, que se xestiona a través de hábitos e de rituais, con moita información que se intúe ou sobreentende, pero que sinxelamente non se di. Son outros códigos. Mais, para min é importante traducir todo iso á linguaxe porque me axuda a pensar, que é para o que me serve a poesía.

**Eu percibo unha certa evolución formal entre este poemario, (curto, moi condensado), e 'Fase de trema'. Son proxectos independentes e separados no tempo mais, tentaches dalgunha maneira que houbese máis concreción ou máis contención na palabra?**

Si que vexo o que dis. 'Fase de trema' describía un proceso longo, os poemas contaban pequenas historias ou recreaban unha atmosfera de cambio e desacougo. En 'Coleópteros' os poemas son moitas veces escenas ou imaxes, tentan condensar unha idea ou un sentimento. De aí tamén a idea do poemario como unha caixa entomolóxica.

**En 'Fase de trema' hai un diálogo cunhas "elas" que, dalgunha maneira, continúa en 'Coleópteros'. De que xeito? (Aparece en ambos poemarios, por exemplo, a figura da nai)**

En 'Fase de trema' esa era unha cuestión central, xa que apelaba a unha identificación con moitas Outras no seu proceso de construción e deconstrución identitaria. En 'Coleópteros' tamén hai algunha referencia a iso porque forma parte da miña maneira de ollar. Porén, nestes poemas a nai é literalmente a miña, Irene, que compartiu comigo as súas aprendizaxes, poñéndolle palabras tamén a aquelas máis duras das que falo nos poemas.

**"Non soporto habitarme en ti". É un dos versos de 'Trema', a primeira parte de 'Fase de trema'. Nos poemas desta primeira parte, a voz poética relaciónase co seu eu que é a enfermidade, á que rexeita e pola que é rexeitada. "Esta dor non é miña", di. Resumirías así esta primeira parte? Que é a enfermidade en 'Fase de trema'? Como se conectan a idea da dor en 'Fase de trema' e 'Coleópteros'?**

'Fase de trema' constrúese en parte sobre a idea da loucura, que ao longo da historia foi un estigma empregado para deslexitimar as mulleres. A enfermidade e a dor veñen da interacción cunha sociedade opresiva. Inicialmente diría que a dor en 'Fase de trema' e en 'Coleópteros' se entende de maneiras diferentes. Porén, coido que o punto de unión é que a dor forma parte do proceso de medrar e formara nosa identidade, en como chocamos cos imperativos sociais ou coas obrigas que debemos asumir, ou en como nos moldean as experiencias e os cuestionamentos internos polos que pasamos.

**Na segunda parte, 'Apofanía', está a presión social, o medo e tamén a necesidade de rebelarse e ser unha mesma, expresada de distintas maneiras: a idea do xogo, por exemplo. Hai nesa parte unha mudanza nese sentido respecto da primeira? (O comezo desa rebelión). Aquí tamén saen, como en 'Coleópteros', os rituais, pero asociados á máscara, aos "pactos tácitos" que nos permiten, se cadra, conservar os afectos, pero non ser nós. Como se relacionan os dous libros nese sentido?**

Na segunda parte de 'Fase de trema' a voz poética adquire unha percepción diferente da realidade, o que é imprescindible para que poida operar calquera cambio, para rebelarse. E esa ollada nova tamén se volve cara a unha mesma, cara a un mesmo. Interesábame ese momento no que algo fai clic e todo adquire un sentido novo.

Teño que confesar que a miúdo me remexo incómoda nos rituais, mesmo sabendo da utilidade dalgúns. En 'Fase de trema' tiñan unha carga negativa asociada á imposición social. En 'Coleópteros' os rituais sérveme máis para pensar en como nos relacionamos con certas cousas, como funcionan as dinámicas dese mundo do que falan os poemas.

**Na terceira parte avanza como a resolución do proceso descrito nas partes anteriores. Hai unha idea de morte, pero é quizais como a fin dun camiño e o comezo do outro. Un reconstruírse a partir dos cascallos, como di un dos versos. É esa a idea? Por que?**

Si, os procesos de deconstrución, de desaprender formas de ser e de facer, implican unha ruptura con parte do que somos, mais é necesario para que poida medrar algo novo

**Algo máis que queiras comentar?**

Agora mesmo estou a traballar nun proxecto co músico David Miranda que me fai moita ilusión. Trátase dun álbum que se chama 'Fenda' no que David pon a música e a voz e eu as letras das cancións. Agardamos que poida estar listo nos próximos meses.